



CONCELLO DE BARBADÁS

REGULAMENTO MUNICIPAL DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DA CASA DA CULTURA DE BARBADAS

Artigo 1.- Obxecto

É obxecto deste regulamento, regular os dereitos, as obrigas e as condicións en que as persoas usuarias poderán utilizar as instalacións e demais servizos da Casa da Cultura do Concello de Barbadas.

Artigo 2.- Definición

A Casa da Cultura é de titularidade municipal e corresponde a responsabilidade do seu uso ao Concello de Barbadas. Ten como obxectivo servir como canle de participación e punto de referencia sociocultural de Barbadas. Igualmente tratará de implicarse no cumprimento dese obxectivo desde unha perspectiva comarcal dando resposta ás iniciativas que puidesen xurdir nese ámbito.

Artigo 3.-Persoas responsábeis

1. A xestión da Casa da Cultura correspóndelle á persoa que ostente a Concellaría de Cultura, que asumirá tamén a responsabilidade que lle corresponda na organización, xestión e seguimento de cantas actividades, obradoiros e espectáculos se desenvolvan dentro das instalacións do edificio.
2. A Concellaría de Cultura nomeará unha persoa Coordinadora Cultural que exercerá a Dirección da Casa da Cultura e que será a persoa responsábel técnica a todos os efectos da xestión, posta en funcionamento e seguimento das actividades que se realicen. Serán ademáis cometidos propios da Dirección en relación coa Casa da Cultura:

Responsabilizarse do coidado e mantemento da orde dos locais e de facer cumprir a normativa disposta para o seu uso.

- Coordinar os grupos e colectivos que poidan solicitar e utilizar os servizos e dependencias da Casa da Cultura

Dar acollida ás propostas de utilización da Casa da Cultura que se presenten, orientándoas e, de ser o caso, elevar á Concellaría ditas peticións

Artigo 4.- Persoas usuarias

Son persoas usuarias dos servizos da Casa da Cultura calquera que acuda como espectadora, lectora, participante en obradoiros, conferencias, coloquios, e demais actividades que se desenvolvan ñas súas instalacións.

Tamén terán a consideración de usuarios ou usuarias aqueles colectivos, con ou sen personalidade xurídica e, en xeral, entidades legalmente constituídas, tanto públicas coma privadas, que participen das actividades organizadas pola propia Casa da Cultura, ben a través da cesión de espazos, ben de outra maneira legalmente establecida.





CONCELLO DE BARBADÁS

Dereitos e deberes das persoas usuarias

Artigo 5.- Dereitos das persoas usuarias

As persoas usuarias terán os seguintes dereitos:

3. Presentar por escrito ou ben a través doutros medios destinados a tal fin as queixas, reclamacións e suxestións que estimen oportunas.
4. Empregar as zonas de uso común xeral nos horarios establecidos, excepto no caso de que por forza maior ou causa xustificada se atopen inhabilitados para seu uso.
3. Ser atendidas correctamente polo persoal funcionario ou laboral que desenvolve a súa labor profesional na Casa da Cultura.
5. Acceder, modificar e cancelar os datos propios de carácter persoal dos que se dispoña na Casa da Cultura, de acordo coa Lei Orgánica de Protección de Datos.
6. Ter a seu servizo unhas instalacións ñas condicións máis adecuadas para seu uso e disfrute.
Contar co persoal técnico municipal que lles asesore sobre a organización de actividades e eventos.
7. Ter acceso á información sobre a programación da Casa da Cultura.

Artigo 6.- Deberes das persoas usuarias

Son deberes das persoas usuarias:

1. Respetar os horarios establecidos para o seu uso
2. Empregar as instalacións, mobles, servizos e equipamentos con bo trato e coidado correcto, respectando a orde e limpeza dos locais
3. Tratar con respecto aos traballadores e as traballadoras municipais que exercen súa labor profesional na Casa da Cultura e, en xeral, a todas aquelas persoas que traballan ou desenvolven calquera actividade neste equipamento público.
4. Ter un comportamento adecuado e tratar con respecto ás demais persoas usuarias da Casa da Cultura
5. Atender, obedecer e cumprir as instrucións e normas establecidas polos Servizos Municipais así como as indicacións que se puidesen facer por parte dos e das responsábeis dos locais
6. Comunicar aos empregados e as empregadas municipais da Casa da Cultura aquelas anomalías e deficiencias que observasen no Centro ou nos seus servizos.
7. Atender con dilixencia e rapidez, en caso de emerxencia, as indicacións dos empregados e as empregadas municipais.

FUNCIONAMENTO

Artigo 7.- Horario

1. A Casa da Cultura permanecerá aberta con carácter ordinario no seguinte horario:





CONCELLO DE BARBADÁS

De setembro a xuño de 9 a 13h e de 16h a 20h (coincidindo co tempo escolar)

- Xullo e Agosto en horario de mañá de 9 a 14h
2. A Concellaría de Cultura, a través da Dirección do Centro, poderá variar o citado horario segundo as necesidades derivadas das diversas actividades que se organicen.

Artigo 8.-Actividades

As actividades a desenvolver serán de ámbito cultural, entendéndose como tales as seguintes:

Obradoiros, charlas ou conferencias de carácter sociocultural.

Actuacións teatrais ou de danza

Audicións e concertos

Proxección de audiovisuais

Exposicións

As propias da biblioteca xeral

As propias da biblioteca infantil

Artigo 9.- Cesión de espazos

1. As persoas, colectivos, asociacións ou entidades así coma outras administracións ou institucións públicas poderán solicitar o uso das dependencias ou equipamentos da casa da Cultura que estean dispoñibles para tal fin para a organización de actividades de carácter sociocultural.
2. Todas as actividades descritas no artigo 8, que non estivesen encadradas dentro do programa municipal contarán para o seu desenvolvemento coa aprobación inicial da Concellaría de Cultura.
- 3.- As actividades que se realicen na Casa da Cultura e non sexan programadas pola propia Concellaría, para levarse a cabo, deberán solicitar autorización por escrito para a súa realización. Terán prioridade aquelas asociacións, entidades, agrupacións ou colectivos culturais pertencentes ao Concello de Barbadás.
4. Non se autorizará a cesión das instalacións nos seguintes casos:
 - As entidades, colectivos ou asociacións que, aínda estando legalmente constituídas, promovan no seu ideario, ou coas súas actividades, comportamentos contrarios aos valores e á Declaración Universal dos Dereitos Humanos.As entidades que, aínda estando legalmente constituídas, teñan un perfil relixioso e soliciten espazos para a práctica de actos litúrxicos, proselitismo, ou de divulgación do seu credo.
físicas ou xurídicas que soliciten espazos para actividades cuxo único fin sexa a degustación de comidas e bebidas.





CONCELLO DE BARBADÁS

As actividades dos partidos ou grupos políticos agás no caso de disposición da Xunta Electoral Artigo

10. Criterios de cesión e uso

1. Será responsabilidade da Concellaría de Cultura a promoción, utilización e, no seu caso, cesión do uso das dependencias da Casa da Cultura

2. Establécense os seguintes requisitos para a cesión de espazos:

Solicitude por escrito ante a Concellaría de Cultura no que deberá figurar a natureza da actividade, duración, horario e número estimado de participantes. Igualmente se fará constar a necesidade de cesión de material (mesas, cadeiras,...) ou equipamento (vídeo, pizarra,...).

Respectar todas as disposicións deste regulamento, especialmente as sinaladas no seu artigo 6.

Para a utilización dos espazos por parte de entidades con ánimo de lucro que poidan desenvolver actividades de tipo cultural co equipamento da Casa da Cultura presentarán adxunto á solicitude a documentación que se detalla, sen prexuízo de que se considere solicitar outra ou ampliar en función da solicitude realizada:

- a) Relación do día ou días concretos nos que se pretende facer uso das instalacións
- b) Relacións dos espazos que se van a utilizar
- c) Número de usuarios e usuarias das instalacións e idades
- d) Tipo de actividades que se pretenden desenvolver durante o uso das instalacións.
- e) Existencia dalgún seguro de responsabilidade civil que exima á Casa da Cultura e ao Concello de Barbadas de calquera tipo de responsabilidade, mesmo subsidiaria, derivadas das actividades e uso que realice das instalacións.

Asemade o Concellaría de Cultura informará da existencia de Acordó Regulador de Prezo Público pola cesión da Casa da Cultura.

3. Para a adxudicación dos espazos terán prioridade as entidades culturais ou sociais radicados e organizados en Barbadas.

4. Cando as circunstancias o aconsellen poderán realizarse convenios de colaboración entre a Concellaría de Cultura e persoas ou grupos culturais, artísticos ou similares para a utilización dalgúns espazos da Casa da Cultura, fundamentalmente o Auditorio.

5. Poderanse desenvolver actividades culturais con outros concellos. Os ditos proxectos serán aprobados pola Concellaría na forma e condicións que se establezan expresamente.

ORGANIZACIÓN E USO DOS ESPAZOS DA CASA DE CULTURA

Artigo 11. Tipoloxía dos espazo Na Casa da Cultura podemos distinguir os seguintes espazos agrupados en niveis:

- Nivel 1. Servizos permanentes





A. Áreas de administración

B. Biblioteca pública

Xeral Infantil

- Nivel 2. Espazos de uso específico

A. Auditorio

B. Sala de exposicións

Artigo 12. Usos dos espazos de servizos permanentes.

1. Áreas de administración: destinaranse para uso exclusivo por parte dos Servizos de Cultura. Determinarase un horario de atención ao público. Non son susceptibles de seren cedidos.

2. Biblioteca Pública: destinaranse dúas áreas a uso por parte da rede de bibliotecas de Galiza que será quen determine o horario de atención ao público dos servizos (biblioteca xeral e infantil). O seu uso será o relacionado co fomento e dinamización da lectura e a información nos seus diferentes medios. Asemade procuraranse horarios e espazos para o seu uso como lugar de estudo. A biblioteca xeral non poderá ser obxecto de cesión.

Artigo 13. Usos dos espazos de uso específicos

1. Auditorio; utilizarase fundamentalmente como colector do programa municipal de difusión artística (música, teatro, danza, proxeccións, ...). Concretamente programaranse: concertos de música, actuacións teatrais e de danza e proxeccións de cinema ou vídeo.

Coa finalidade de procurar unha maior rendibilidade social e económica este espazo poderá ser cedido. Esta cesión farase dende unha perspectiva comarcal, toda vez que se atopen satisfeitas as necesidades culturais das entidades municipais.

Baixo este prisma, ademais da cesión xeral suxeito ao prezo público que se estableza, poderá cederse a sala, ou algunha das súas partes, por un espazo de tempo determinado:

- A grupos artísticos: este tipo de cesións realizaranse mediante acordo escrito, co pago de prezo público ou fórmulas de compensación que se consideren oportunas. A Concellaría de Cultura establecerá pautas xerais a este respecto baixo as que a Dirección da Casa de Cultura poderá chegar a acordos puntuais tendo en conta o tipo de proxecto que se presente. Procurarase en todo momento que a ocupación do auditorio sexa parcial, so da escena, para posibilitar que poidan desenvolverse actos culturais na sala.

- O Auditorio poderá cederse para outros usos socioculturais non propiamente artísticos, tales como conferencias, charlas, debates, coloquios. Previa autorización segundo establecido no artigo 10. O Auditorio non será obxecto de cesión para a realización de reunións veciñais agás que por necesidade determinante por razón do número de asistentes. A cesión realizarase consonte as





CONCELLO DE BARBADÁS

condicións establecidas no artigo 10. 2.-Sala de Exposicións e Conferencias O seu uso preferente será para exposicións, podendo acoller os seguintes actos:

Exposición programadas polo municipio: de artistas locais e de artistas foráneos

- Exposicións ofertadas dende: institucións autonómicas, institucións comarcais, institucións estatais e entidades privadas que poderán ser de índole particular ou de patrocinio comercial. Realizarase un plan de exposicións que contará cunha previsión mínima de 6 meses e máxima de 1 ano, dando cabida ás diferentes modalidades plásticas: pintura, escultura, fotografía, cerámica,...

A Concellaría de Cultura comprométese á cesión gratuíta do espazo coa finalidade de que o autor/a expoña a súa obra e á confección do catálogo ou tarxeta, encargándose do seu deseño, no que figurará o logotipo da Casa da Cultura. O formato será similar para todas as exposicións, podendo variarse en casos especiais a criterio da Dirección do Centro en función da traxectoria ou proxección do/a artista. Si existise fin comercial ou ánimo de lucro, a cesión quedará supeditada ao pago do prezo público establecido anteriormente ou ben á cesión de obra así como á achega da documentación correspondente.

Será obriga do/a artista ou de quen promova a exposición o traslado e montaxe da obra así como da vixilancia da sala.

RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 14. Incumprimento das obrigas

O incumprimento das obrigas establecidas neste regulamento poderán constituir unha infracción merecedora de sanción. Os feitos serán postos en coñecemento do órgano competente e da Dirección da Casa da Cultura quen informará de antecedentes.

Artigo 15- Faltas moi graves

Serán moi graves as infraccións seguintes:

1. Impedir o uso da Casa da Cultura ou dun servizo prestado nesta a outra ou outras persoas con dereito ao seu emprego.
- 2- Impedir ou obstruír o normal funcionamento da Casa da Cultura ou de calquera das súas dependencias.
3. Causar deterioro ou danos ao edificio ou a calquera das súas instalacións, equipamentos, infraestruturas ou a seus elementos, valorados en 300,00 € ou máis.
- 4 A agresión física ou verbal cara as persoas que estean facendo uso das instalacións da Casa da Cultura así coma ao persoal que traballa nestas.
- 5 A acumulación de dous ou máis faltas graves.

Artigo 16.- Faltas graves





CONCELLO DE BARBADÁS

Terán consideración de faltas graves:

1. A alteración da convivencia nos distintos espazos e servizos da Casa da Cultura
2. A alteración do funcionamento da Casa da Cultura e dos servizos que presta, o incumprimento das normas específicas de ditos servizos e o incumprimento das normas recollidas no presente regulamento.
3. O emprego inadecuado dos distintos espazos e servizos da Casa da Cultura e a realización de actividades distintas ás autorizadas.
4. Ocasionar danos nos equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos valorados en menos de 300,00 €.

Insultos cara as persoas que están facendo uso das instalacións así coma ao persoal que traballa nestas.

5. A acumulación de dous ou máis faltas graves.
6. Non comunicar os estragos ou deterioro producidos pola propia persoa usuaria.

Artigo 17.- Faltas leves

Terán consideración de faltas leves:

7. Desatender as indicacións das persoas responsables das actividades ou servizos.
8. Empregar as portas de evacuación coma vía de acceso ou saída do centro en situacións de non emerxencia.
3. Ocasionar alborotos ou calquera outra acción leve que interrompa o desenvolvemento das actividades.

Artigo 18.- Medidas cautelares.

A Dirección do Centro poderá expulsar ás persoas usuarias que incorran en condutas que podan ser merecedoras da cualificación de falta grave ou moi grave, até un máximo de dez días consecutivos,

Informando feito á persoa responsable do centro. Esta, unha vez ouvidas ás persoas afectadas, poderá propor a modificación da medida cautelar imposta nun principio, tanto nun sentido coma noutro, de acordo á gravidade da situación, reservándose o Concello o dereito de exercer as accións legais necesarias.

Artigo 19.- Sancións.

As infraccións moi graves serán sancionadas entre 1500,01 e 3.000.00 €, ademais da privación definitiva do dereito da persoa usuaria.

As infraccións graves serán sancionadas entre 750.01 e 1.500.00 € ademais da privación temporal do dereito da persoa usuaria.





CONCELLO DE BARBADÁS

As infraccións leves serán sancionadas ata 750 € e apercibimento.

Graduación das sancións:

Para a graduación da sanción a aplicar terase en conta as seguintes circunstancias:

1. A reiteración de infraccións ou reincidencia
2. A existencia de intencionalidade do infractor ou infractora
3. A transcendencia social dos feitos
4. A gravidade e natureza dos danos ocasionados

Artigo 20.- Procedemento sancionador.

A potestade sancionadora exercerase de conformidade co procedemento establecido no Real Decreto 1398/1993 de 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Artigo 21.- Reparación de danos.

A imposición de sancións será compatible coa esixencia ao infractor ou infractora da reposición da situación alterada por el ou ela ao seu estado orixinario así coma coa indemnización dos danos e prexuízos causados.

Cando se causen danos en bens de titularidade municipal, os servizos técnicos municipais determinarán o importe da reparación, que será comunicado ao infractor ou infractora, ou a quen deba responder por el ou ela, para seu pago no prazo que se estableza.

Artigo 22.- Persoas responsables.

1. Serán responsábeis directos das infraccións seus autores ou autoras materiais, agás nos supostos no que sexan menores de idade ou concorran neles algunha causa legal de inimputabilidade, en cuxo caso responderán por eles ou elas aqueles ou aquelas que teñan a custodia legal.

Cando as actuacións constitutivas de infracción sexan cometidas por varias persoas conxuntamente, responderán todas elas de maneira solidaria.

Serán responsábeis solidarios dos danos as persoas físicas e xurídicas sobre as que recaiga o deber legal de previr as infraccións administrativas que outras persoas puideran cometer.

2. Casos especiais

No caso de infraccións cometidas por persoas en situacións especiais, a persoa responsable do centro intentará contactar co seu pai e/ou a súa nai ou5 no seu caso, e os seus titores ou titoras, co fin de promover respostas preventivas e de promoción dos recursos familiares propios.





CONCELLO DE BARBADÁS

Artigo 23.- Medidas educativas

Na elaboración e posta en funcionamento das medidas sancionadoras estableceranse paralelamente accións educativas mediante programas preventivos dirixidos a quen cometa infraccións cando a conxuntura dos conflitos así o requira.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.- Durante as campañas electorais poderase dispoñer a Casa da Cultura para a celebración de actos políticos

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. O aforo do Auditorio é de 127 localidades. Para os actos que teñan lugar no Auditorio da Casa da Cultura deberanse recoller convites nas súas dependencias que non superarán o do seu aforo. Nos actos nos que se cobre entrada so se poderán vender 127 localidades.

DISPOSICIÓN FINAL. Este Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación do BOP

Barbadás, 11 de xaneiro de 2016

O ALCALDE

Asdo.: Xosé Carlos Valcárcel Doval

